



Parlamento das Letras: Xulio López Valcárcel

Publicado o [16/05/2012](#)

Namentres escribo estas liñas contemplo unha foto antiga de Xulio López Valcárcel. É unha instantánea na que aparece xunto a outras compañeiras e compañeiros daquel grupo coruñés que publicara colectivamente De amor e desamor (1984-1985). Miro para Xulio e decátome do tempo pasado, si, mais hai algo naquel mozo, nese seu estar sen estar, case como acompañando o silencio, tunelando a súa transparente entraña, que dilúe a sombra dunha sospeita: a de que, malia os anos pasados, a esencia poética que o define segue a ser idéntica a si mesma.

Porque Xulio non abandonou endexamais a espiral ardente, as voces habitadas que o guiaron nos escuros padecementos das horas angustiosas. E o milagre do naipelo que se abre ao mundo. E o amor, sempre salvífico, sempre luminoso. E a casa última, o ónfalos secuestrado, evadido, anulado.

Esa súa poética, de harmonías e proporcións delicadísimas, de sonoridades anoadas aos sememas como volutas de ADN, soubo convivir coas súas xeirás críticas, tradutoras, ensaísticas, nun ir e vir retroalimentado que foi facendo del unha das sinaturas imprescindibles neste tránsito entre milenios.

A ollada de Xulio dende a foto recrimíneme a impertinente extensión desta nota. Aconsella dar paso á voz de quen sabe, ás palabras que son memoria e presente e alén porque verdadeiramente teñen qué dicir. Sexa.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Tiven, desde cativo, culto pola letra impresa. Mesmo me gustaba o olor a tinta das imprensas e rotativas. Comencei publicando artigos e recensións na prensa, sobre todo no xornal *El Progreso*, de Lugo, concretamente na páxina literaria “Táboa Redonda”, que dirixía don Ánxel Fole en colaboración con Juan Soto. Ás veces, a publicación demorábase, por mor da gran cantidade de traballos pendentes —a páxina era semanal, aparecía os domingos—, eu agardaba con impaciencia. Logo, en Santiago, colaborei na revista do Colexio San Clemente, onde botei dous anos. Non lembro xa como se chamaba... Parellamente, colaborei, de xeito esporádico, noutros xornais e publiquei os primeiros versos.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A percepción persoal do autor non ten por que coincidir coa dos lectores, nin sequera ser a máis atinada... ao contrario, parte de condicionantes e de prexuízos dos que o lector carece. Deixando

a un lado os libros de viaxes e de ensaio, creo que *Casa última* foi ben acollido, recibiu o Premio da Crítica Española, o mesmo que *Memoria de agosto*; *O sol entre os dedos*, quizais pola temática, funcionou ben, mesmo como obxecto de regalo, como tamén o fixo o poema “Se envellecemos xuntos”. *A melancolía dos corpos* recibiu o Premio da AELG ao mellor libro do ano, en votación dos propios compañeiros/as. Foi o que máis me alegrou, precisamente por vir dos propios colegas. Dos títulos que non tiveron tanta aceptación, quizais merecerían mellor sorte *Solaina de Ausencia* e *Campo de Marte*. Pero non teño queixa, nunca pretendín máis do que obtiven.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Manía, ningunha. Cando era novo, fumaba algo e gustábame dispoñer de auga fría para contrarrestar a sequidade do tabaco. Agora, nada especial. Traballo todos os días, iso si, tomo notas nuns papeliños que sempre levo e vounas deixando nunha carpeta. Ao cabo de meses, ou de anos, volvo sobre elas. A maioría rómpoas, pero se atopo algo que “valla”, rescátoo... para unha reelaboración ulterior. Non é raro que dun mesmo texto faga dúas versións, independentes, para despois integralas, fusionalas. Isto referido á obra creativa. A outra, vouna facendo ao bo lecer.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non tería preferencias. Todas/os merecen o meu respecto e a miña consideración.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non me gusta falar de min, síntome incómodo pontificando sobre “a miña obra!”. Por dicir algo, destacaría o traballo constante, mesmo físico, horas diante da pantalla ou do papel. Ao non ser un “xenio”, non queda outra que compensalo con vontade e esforzo. A pretensión básica non é facer unha grande obra, unha obra maxistral, excepcional, senón un traballo ben acabado, honesto, comigo e co lector/a.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Considérome un bo lector, con sensibilidade para percibir a valía, a “verdade” e para detectar a fraude. Leo de todo, de maneira case compulsiva, e volvo sobre lecturas antigas, pero non concretarei nomes nin títulos. Sería unha relación demasiado extensa, e con lapsus e esquezos inevitables.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Aínda que se avanzou moito, falta aínda unha crítica rigorosa e independente, allea a amiguismos, camarillas e oportunismos. Coñecémonos todos... e iso condiciona bastante. Que falta? Moitas cousas. Desde logo, unha maior incidencia no tecido social galego e maior proxección exterior. A literatura “periférica” non existe en Madrid. A “metrópole” vive allea, de costas, ás “provincias”. Cómpre aumentar o prestixio e a presenza da literatura e da cultura galegas alén das nosas fronteiras.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Sempre escribimos contra o tempo, que, de maneira inexorábel, se esgota... “Perdoaríame” todo con comprensión e indulxencia. Satisfeito simplemente por intentalo, por facer “o que puiden”.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Esperanzado, dinámico, ilusionante..., malia as adversidades, reticencias e desprezos que ás veces padecemos.